



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BANDO

M. INÉS MONTEAGUDO ROMERO, como Alcaldesa-Presidenta do Concello de Muros, en base ás atribucións que me confire a Lei FAGO SABER

Que, segundo a evolución epidemiolóxica e a situación asistencial, o comité clínico celebrado no día de onte decidiu elevar a totalidade de concellos de Galicia a un nivel extremo de restricións que busca reducir ao mínimo a interacción social, incidindo ademáis no control da interacción entre persoas non convivintes, que non poderán realizar actividades conxuntas. Tódolos concellos terán peche perimetral dende as 00:00 do día 27 de xaneiro ata alomenos o 17 de febreiro, aplicándose as seguintes medidas:

-A **liberdade de circulación** das persoas en horario nocturno está limitada entre as 22:00 h. e as 06:00 h, excepto en casos xustificados e debidamente acreditados.

-A **mobilidade** redúcese ao territorio do propio concello, excepto aqueles casos xustificados e debidamente acreditados.

-**Limitanse os grupos** para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, **aos convivintes**.

-**Hostalaría e restauración**: únicamente se permite o servizo para recoller no establecemento (ata as 21:30 h.) ou a entrega no domicilio (ata as 00:00 h.).

-**Comercio non esencial**: peche ás 18:00 h. e aforos limitados.

-**Comercio esencial (alimentación, farmacias, gasoliñeiras, talleres...)**: peche ás 21:30 h. e aforos limitados. O mercado semanal queda limitado aos postos de alimentación.

-Continúan pechados os parques infantís, e **suspéndense tódalas actividades** impartidas en pistas polideportivas, pabellóns, instalacións deportivas e culturais municipais. Particularmente faise referencia ao Centro Cultural e Xuvenil de Muros (Auditorio, Biblioteca, Aula CEMIT), Centro San Xosé, Centro de Sel, Muíño de Marea, Sala Nasma, Centro Sociocultural de Louro, Centro de Surribos, Centro Reitoral de Torea, Centro Agro Vello, Casa da Sociedade, Centro O Areal, Pavillón Xosé Lago, Pavillón de Miraflores, Piscina, Campos de fútbol X.L. Vara, E. Balayo e Agra da Filgueira, Pista de pádel, e pistas deportivas ao aire libre, que **estarán pechados a todo tipo de actividade**.

-As clases da ESMU impartiranse en modalidade telemática.

-Só se permite o **deporte individual** ao aire libre, e sempre con máscara.

-Recordar as **normas xerais**: uso de máscara obrigatorio, manter distancia interpersonal, limitar contactos, ventilación de espazos, e atender as recomendacións sanitarias. Recomendase o autoconfinamento sempre que sexa posible.

Muros, 26 de xaneiro de 2021
A Alcaldesa
M. Inés Monteagudo Romero

